



INSTRUCCIÓN PARA O USO DE ESPAZOS DA UDC POLA XUNTA DIRECTIVA DA “ASOCIACIÓN DE ALUMNOS E EXALUMNOS DA UNIVERSIDADE SÉNIOR” (ADAYEUS)”, DA “ASOCIACIÓN DE ALUMNOS DA UNIVERSIDADE SÉNIOR DE FERROL” E POR PARTE DAS PERSOAS INTEGRANTES DOS COROS DA UNIVERSIDADE SÉNIOR

Os espazos da UDC son espazos seguros para o noso alumnado, que está cuberto por un seguro universitario que se activa coa formalización da matrícula.

Na actualidade, a Xunta Directiva da Asociación ADAYEUS e da Asociación de Alumnos da Universidade Sénior de Ferrol, así como as persoas integrantes dos coros universitarios sénior, usuarios habituais de espazos da universidade, non teñen que ter condición de estudante da UDC nin cobertura do seguro universitario. É necesario, por tanto, ditar unha instrución que reverta esta situación e, pola seguridade das persoas e pola responsabilidade da UDC, esixirlles un vínculo académico formal coa Universidade ao dito colectivo.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

- 1º Todas as persoas membros da Xunta Directiva das Asociacións e dos coros universitarios sénior deben ter relación formal coa UDC, por exemplo, estar matriculadas anualmente nalgún programa académico ofrecido pola Universidade Sénior da UDC (grao sénior, posgrao sénior, obradoiros ou como oíntes en materias do grao sénior) durante o tempo en que ocupen os cargos/postos.
- 2º Para acreditar o cumprimento da condición establecida no punto anterior, ao inicio de cada curso académico, ou cando sexa requirido pola Dirección da Universidade Sénior, os membros da Xunta Directiva das Asociacións e dos coros universitarios sénior deberán entregar ou remitir o resgardo de matrícula á Secretaría da Universidade Sénior (secretaria.senior.coruna@udc.gal), que se encargará de verificar a matrícula.
- 3º A UDC non se fai responsable dos danos que poidan sufrir as persoas non matriculadas no uso dos espazos da UDC, aínda cando formen parte da Xunta Directiva de asociacións universitarias ou desenvolvan actividades nun coro universitario.
- 4º Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO.

Código Seguro De Verificación	SCubEkB74bKnpexwblqXvQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	08/10/2024 09:48:09
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SCubEkB74bKnpexwblqXvQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

